

Éxito da Noite Velada con concerto de A Banda da Loba en Ponte Ledesma

Aínda que a máis atípica, a Noite Velada na Ponte Ledesma rexistrou un novo éxito de convocatoria. Un total de 230 persoas encheron todas as prazas dispoñibles para unha proposta que tivo como principais protagonistas ás integrantes de A Banda da Loba.

A ponte medieval aportou o ambiente perfecto coa iluminación a través das 300 candeas dispostas ao longo do paso. Debido á situación sanitaria actual, o Campo do Río acondicionouse de tal xeito que o público se puidese distribuír en cadeiras dispostas coa distancia de seguridade pertinente. Dende os controis de acceso asegurouse que todas as persoas asistentes cumprisen coas medidas de prevención contra a COVID-19: uso de obrigatorio de máscaras, distancia interpersonal e hixiene de mans.

A actuación de A Banda da Loba fixo as delicias de todas as persoas asistentes durante unha hora e media aproximadamente. De feito, tan bo ambiente se viviu que dende o público se solicitaron varios bises.

Dende o Concello de Boqueixón amósanse moi satisfeitos pola excelente resposta por parte da veciñanza a esta iniciativa. Ademais, agradecen que todas as persoas asistentes cumprisen coas medidas de seguridade.



A ponte medieval ilumínase cun total de trescentas candeas dispostas ao longo deste fermoso paso



A Banda da Loba encargouse de amenizar a 'Noite Velada' de Ponte Ledesma cun concerto que fixo as delicias do público



Co fin de cumprir coas medidas hixiénico-sanitarias limitouse o aforo e colocáronse as cadeiras separadas

Labores de prevención coas brigadas contra incendios do Concello

O Concello de Boqueixón conta ata finais do presente mes de setembro con dúas brigadas de prevención, vixilancia e defensa contra os incendios. Son 13 as persoas contratadas nesta tempada e que se dividen en dúas brigadas, máis 3

operarios de motobomba, que están a actuar por todo o municipio boqueixanés.

As principais tarefas que se desenvolven, toda vez que non se produciron incendios no territorio, comprenden o desbroce e limpeza de montes e pistas.



Operarios dunha das brigadas desbrozando no castro de Gastrar



Acometeuse a limpeza de colectores nas distintas parroquias

Limpeza de colectores nas distintas parroquias

O Concello de Boqueixón vén de completar as tarefas de limpeza e desinfección de máis de 600 colectores de recollida de residuos orgánicos e de plástico e envases lixeiros.


Os labores desenvólense durante aproximadamente dúas semanas e comprenderon todo o territorio do municipio. Para isto, utilizouse maquinaria específica para este fin.

Xornada de mecanización na horta no CFEA de Sergude o xoves 10

As instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal (CFEA) de Sergude acollerán o vindeiro xoves 10 de setembro unha Xornada demostrativa de mecanización na horta. Esta actividade, promovida pola Axencia Galega de Calidade Agroalimentaria (AGACAL) diríxese principalmente a profesionais do sector agroalimentario. Está organizada polo propio centro formativo, a Oficina Agraria Comarcal de Carballo e o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

O programa da xornada é o seguinte: Presentación e charla técnica dos equipos que se mostrarán en campo (10.00 horas); Demostración en campo de maquinaria -preparación do solo, sementeira/trasplante, e mantemento e conservación- (de 11.45 a 14.00 horas), e repetición de ensaios ao persoal asistente que así o demande (de 16.00 a 18.00 horas).

As persoas interesadas en inscribirse nesta proposta formativa deberán facelo a través do e-mail mecanizacionhorticola@gmail.com.



Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.
Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com
Redacción e maquetación: Nós Comunicación
Distribución gratuita

Oficinas xerais: 981 51 30 61
Educación e Cultura: 981 51 31 15
Servicios Sociais / CIM: 981 51 30 06

Estréase 'Boqueixón. O balcón de Galicia'

A Casa da Cultura de Camporrapado vén de acoller a estrea do documental *Boqueixón. O balcón de Galicia*. Trátase dunha produción audiovisual que, tal e como indicou o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín, na súa presentación oficial, "pon en valor o importante tecido empresarial e económico do noso municipio. Boqueixón ten moito que aportar tanto á súa propia veciñanza como a todas as persoas que se acheguen a coñecernos", indicou o rexedor.

O documental céntrase tanto na actividade económica como no turismo e na cultura do municipio de Boqueixón. Así, pódese com-

probar a ampla variedade de empresas radicadas no territorio e que xeran, á súa vez, riqueza ao conxunto da cidadanía. Por outra banda, tamén se salienta o potencial turístico realizando un percorrido polos principais bens naturais, patrimoniais e culturais do concello.

Neste documental tamén ten cabida a cultura propia do municipio, que ten no Camiño de Santiago e o Entroido dos Xenerais da Ulla o seus principais expoñentes. Así mesmo, falarase da súa gastronomía, representada pola Filloa da Lestedo, ademais da ampla oferta gastronómica e de aloxamentos turísticos á disposición de visitantes.



O alcalde de Boqueixón, durante a súa intervención na estrea do documental

CLASES DE INGLÉS - CURSO 2020-2021

O desenvolvemento das clases de inglés terá lugar no CPIP Antonio Orza Couto, levándose a cabo a adopción de todas as medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención da COVID-19.

DIRIXIDO A: alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria, mocidade empadroada no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo do municipio.

DURACIÓN: de outubro de 2020 a xuño de 2021.

Días e horas

Todos os días lectivos do ano

• Infantil e Primaria

Luns e mércores, de 15.30 a 16.30 horas.

Martes e xoves, de 15.30 a 16.30 horas.

• Secundaria e mocidade

Venres, de 16.00 a 18.00 horas.

Inscricións

• As inscricións realizaranse ata o día 15 de setembro no departamento de cultura (con cita previa 981 513 115), ou no e-mail cultura@boqueixon.com.

• Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades.

• Prazas limitadas por grupos, segundo os diferentes niveis impartidos.

• Custo: 25 €/mes.

Descontos

• 2º fillo: 25%; 3º fillo: 50%; 4º fillo e sucesivos, de balde.

Pagamento

• Realízase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

• Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

• Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior no Departamento de Cultura (con cita previa, 981 513 115), ou no e-mail cultura@boqueixon.com

O Concello poderá modificar ou suspender a prestación da actividade en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria pola COVID-19.

CONCILIACIÓN CURSO 2020/2021

MADRUGADORES E TARDES DE LECER

O desenvolvemento de ámbolos dous programas terá lugar no CPI Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias necesarias para cumprir a normativa vixente en materia de prevención da Covid-19.

Madrugadores

Este programa ofrece un servizo de acollida, coidado e vixilancia antes do comezo das clases. O almorzo será por conta propia ou no seu caso vir almorzados.

DIRIXIDO A: alumnado de Infantil, Primaria, Secundaria, mocidade empadroada no Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo do municipio.

DURACIÓN: de outubro de 2020 a xuño de 2021.

En caso de necesidade de conciliación, poderase solicitar o inicio na segunda quincena de setembro.

Horarios

Todos os días lectivos do ano, podendo elixir por frecuencia semanal ou días soltos.

- **Madrugadores:** De 07.30 a 09.00 horas.
- **Tardes Educativas e de Lecer:** De 15.30 a 18.00 h.

Os horarios de entrada (madrugadores) e saída (Tardes Educativas e de Lecer) reflexaranse na ficha de inscrición.

Inscricións

- Realizaranse ata o día 11 de setembro no Dpto. de Cultura (con cita previa, 981 513 115), ou en cim@boqueixon.com.
- Unha vez finalizado o prazo, de quedar prazas vacantes, a inscrición permanecerá aberta durante todo o curso escolar para aquelas familias con necesidade de conciliación.

Prezos das actividades

Madrugadores

Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	6 €
2 día /semana	12 €
3 día /semana	18 €
4 día /semana	24 €
5 día /semana	30 €
Días soltos	3 €/día

Tardes educativas

Frecuencia de asistencia	Custo mensual
1 día /semana	8 €
2 día /semana	16 €
3 día /semana	24 €
4 día /semana	32 €
5 día /semana	40 €
Días soltos	4 €/día

Máis información: 981 513 115 // cim@boqueixon.com

Tardes educativas e de lecer

Tardes Educativas e de Lecer: este programa ofrece dous servizos en espazos diferenciados, para atender as necesidades escolares, segundo a demanda de cada familia dentro do horario solicitado despois das clases. Esta actividade é compatible cos cursos de inglés.

- **Acompañamento escolar:** os/as alumnos/as realizarán as tarefas escolares diarias con vixilancia e apoio de monitorado especializado e resolvendo as dúbidas en caso de necesitalo.
- **Recreando:** actividade lúdico-cultural cun amplo programa de actividades, obradoiros e xogos...

- Inscricións por frecuencia semanal ou días soltos.
- Requírese grupo mínimo de participantes para iniciar actividades.
- Documentación que deben achegar xunto á ficha de inscrición:
 1. Declaración da renda do 2019 ou xustificante acreditativo de non ter que presentala.
 2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).

Pagamento

- Realizarase con carácter bimestral e por domiciliación bancaria.
- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

- Deberán presentarse antes do día 20 do mes anterior no departamento de cultura (con cita previa 981 513 115), ou no e-mail cim@boqueixon.com

* O Concello de Boqueixón poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19.

Descostos

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto. de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	30%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	15%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40 €
2º irmá/n asistindo á mesma actividade.	25%



ACTÍVATE BQXN

ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS



AVISO: Dada a situación sanitaria, comenzarán as actividades de zumba e pilates e patinaxe infantil no pavillón de Lestedo, quedando bailoterapia, ximnasia de maiores e judo infantil pendentes da evolución da pandemia e de circunstancias máis favorables para desenvolveselas.

Inscricións

- As inscricións realizaranse descargando a ficha da web www.boqueixon.com (actividades físicas e deportivas 2020-2021) e enviándoa a deportes@boqueixon.com ou de forma presencial no Departamento de Deportes establecendo o sistema de cita previa.

- Requírese un grupo mínimo de 10 participantes e un grupo máximo por determinar en función das medidas preventivas de seguridade sanitarias a implementar. Se o grupo queda reducido a menos de 10, anularase o grupo.

- Prazas limitadas, con preferencia de empadroados/as.

- Poderán participar menores a partir dos 16 anos (con autorización).

Duración

- De outubro 2020 a xuño 2021. Nas actividades infantís, os días serán segundo o calendario escolar.

- O calendario será de luns a venres, agás festivos.

Pagamento

- Realizarase con carácter bimestral mediante domiciliación bancaria.

- Non se reintegrará ningún importe sen causa debidamente xustificada.

Baixas

- Deberán presentarse por escrito en Deportes (deportes@boqueixon.com) antes do día 20 do mes anterior.

ACTIVIDADE	LUGAR	HORARIO	CUSTO	PAZAS
Pilates I	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 19.00-20.00 h	15 €/mes	10-15
Pilates II	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 20.15-21.15 h	15 €/mes	10-15
Pilates III	Ximnasio Municipal	Martes e xoves 21.30-22.30 h	15 €/mes	10-15
Zumba I	Ximnasio Municipal	Luns e mércores 19.00-20.00 horas	15 €/mes	10-15
Zumba II	Ximnasio Municipal	Luns e mércores 20.15-21.15 horas	15 €/mes	10-15
Zumba III	Ximnasio Municipal	Luns e mércores 21.30-22.30 horas	15 €/mes	10-15
Pilates	Ponte Ledesma	Luns e mércores 17.30-18.30 horas	15 €/mes	10-15
Pilates I	Lestedo	Martes e xoves 20.00-21.00 h	15 €/mes	10-15
Pilates II	Lestedo	Martes e xoves 21.15-22.15 h	15 €/mes	10-15
Zumba I	Lestedo	Luns e mércores 20.15-21.15 horas	15 €/mes	10-15
Zumba II	Lestedo	Luns e mércores 21.30-22.30 horas	15 €/mes	10-15
Zumba	Camporrapado	Luns e mércores 19.00-20.00 horas	15 €/mes	10-15
Patinaxe	Lestedo	Venres 17.00-18.00 horas	10 €/mes	15-20

Máis información: Dpto. de Deportes: 636 731 721 deportes@boqueixon.com

* Os grupos, horarios e número de participantes poderán ser modificación en función das prescricións das autoridades sanitarias debido ás circunstancias da pandemia, tendo o Concello de Boqueixón a prioridade de garantir a seguridade das persoas participantes.

Verán Activo finaliza a tempada estival

O Verán Activo vén de pechar as súas actividades de conciliación estival. O programa adaptouse nesta edición ás pertinentes medidas hixiénico-sanitarias de prevención contra a COVID-19 procurando xornadas de lecer seguro para as crianzas.

Foron preto de 40 as nenas e nenos de entre 3 e 12 anos os participantes nas distintas actividades. Dispuxéronse en 5 grupos e espazos diferentes acorde coa súa idade co fin de garantir as medidas de seguridade.

Manualidades de diverso tipo, propostas deportivas, divertidos xogos, sesións de cine e actividades en exterior centraron grande parte do programa de conciliación durante o mes de agosto.

Aínda que se tratou dun verán atípico, os rapaces e rapazas participantes puideron gozar de xornadas do máis amenas, reforzando a idea de que o xogo e a diversión non teñen por que estar reñidas coas necesarias medidas de prevención contra o coronavirus.



Co fin de garantir todas as medidas hixiénico-sanitarias as crianzas participantes dividíronse en varios grupos reducidos



Un intre dunha sesión de cine cunha proxección



O Verán Activo priorizou as actividades no exterior



Remata o programa 'Noites de Cine'

O programa *Noites de Cine* finalizou en agosto a súa andaina por distintas parroquias do municipio boqueixanés. Proxectáronse neste mes filmes dirixidos a toda a familia en Ponte Ledesma, Lestedo e Oural.



Observación astronómica no Pico Sacro

As condicións meteorolóxicas deron unha tregua ao Congreso público A ASTRONOMÍA nas RUTAS XACOBEAS, e puídose desenvolver a segunda sesión cunha observación de planetas como Xúpiter e Saturno no Pico Sacro.

Boa acollida ao plan de visitas guiadas de balde a Boqueixón

O Concello de Boqueixón puxo o pasado mes en marcha un programa de visitas guiadas de balde aos principais puntos de interese do municipio. Foron xa varios os grupos de persoas -tanto visitantes como residentes- os que se interesaron por esta iniciativa.

“Con este plan queremos achegar o noso amplo patrimonio natural, histórico e cultural ao público, ao tempo que buscamos promover percorridos por espazos como o Pico Sacro, o Centro de Interpretación, Ponte Ledesma e as Ínsuas de Gres”, explica o alcalde boqueixanés, Manuel Fernández Munín. “Estas visitas guiadas gratuítas correrán a cargo dun axente de Información Turística, que ofrecerá todos os detalles de interese sobre estes e outros lugares”, concreta.

Co fin de facilitar a asistencia, estas visitas pódense

se solicitar calquera día ata o vindeiro 31 de decembro. Para isto, cómpre formalizar a solicitude no Departamento de Turismo boqueixanés a través do teléfono 981 513 061 ou enviando un correo electrónico a boqueixonturismo@gmail.com.

Aínda que se presentan tres itinerarios básicos -Pico Sacro, Centro de Interpretación e Ponte Ledesma/Ínsuas de Gres-, pódense combinar e, incluso, solicitar algún percorrido específico no que as persoas solicitantes teñan especial interese. “En definitiva, poderanse adaptar as visitas en función das necesidades ou preferencias das solicitudes recibidas”, conclúe o alcalde.

Dende o Concello lembran que os/as participantes deberán cumprir con todos os protocolos de prevención contra a COVID-19.



Un grupo de peregrinos que solicitou unha das visitas guiadas de balde



Outro dos puntos de interese é o Centro de Interpretación do Pico Sacro



Visitantes accedendo ao Pico Sacro dentro das actividades deste programa

Programa gratuíto de percorridos polo patrimonio relixioso

O Departamento de Turismo boqueixanés reforza a súa oferta de lecer coa incorporación dun novo programa gratuíto de visitas guiadas. Baixo o nome **Boqueixón Sacro**, ofrécese percorridos polo patrimonio relixioso e cultural do municipio.

Este programa esténdese dende o 1 de setembro ao 31 de decembro. Para solicitar a actividade débese chamar ao 981 513 061 ou enviar un e-mail a

BOQUEIXÓN SACRO

Un servizo de Concello de Santiago, unha das vestidas da Virxe María, e tamén do cruzeiro que ampoloxa a devoción... e máis un punto de encontro... e máis un punto de encontro no Pico Sacro de Boqueixón.

Agora, de balde e gratuíto, pódese facer visitas guiadas de balde, ao ser necesario, mantendo a distancia.

O punto de encontro está a Igrexa de Santa María de Lestedo.

Os grupos poden ser de máximo 10 persoas, sendo que sempre un máximo de 5 persoas por grupo.

É obrigatorio usar máscara e manter a distancia de seguridade con todos os membros do grupo.

INSCRIPCIÓNS E MÁIS INFORMACIÓN:
981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com

boqueixonturismo@gmail.com. Para levarse a cabo o percorrido, deberá haber un grupo mínimo de 5 persoas e un máximo de

10. Os/As asistentes deberán desprazar no seu propio vehículo. O itinerario durará, aproximadamente, hora e media.

Entre os lugares a visitar atópanse a Capela de Nosa Señora de Lourdes de Lestedo; a Igrexa de Santa María de Lestedo; a Igrexa de San Lourenzo da Granxa; a Capela de San Sebastián (localizada no Pico Sacro); a Igrexa parroquial e cruzeiro de Santa María de Lamas, ou o Cruceiro de Rodiño.

As persoas asistentes deberán cumprir con todos os protocolos de prevención fronte á COVID-19.

Domingos de visita xeolóxica ao Pico

O Pico Sacro acolle un programa de visitas guiadas xeolóxicas. Preto de cen persoas participaron o pasado mes nas distintas sesións desenvolvidas todos os domingos pola empresa Geotur Galicia en colaboración co Concello de Boqueixón, e que se centran na riqueza e importancia xeolóxica deste enclave.

O programa de visitas xeolóxicas guiadas continuará todos os domingos deste mes. O custo é de 10 euros/persoa, sendo de balde para menores de 12 anos. O prezo inclúe Guía Oficial de Turismo de Galicia e SRC. As prazas son moi limitadas e deberán realizarse as reservas en geoturgalicia@gmail.com ou no 675 820 520.



Asistentes a unha das visitas xeolóxicas realizadas ao Pico Sacro

AXENDA DO MES DE SETEMBRO

Domingo
6

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas.
Prazas moi limitadas.
Inscripcións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Sábado
12

Espectáculo *Un verso, un cantar*

Campo da Feira de Lestedo
20.00 horas
De balde - Aforo limitado
Espectáculo de Queiman e Pousa ambientado a principios do século XX, creado como homenaxe á emigración galega. Requírese inscrición previa no Dpto. de Turismo.

Domingo
13

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas.
Prazas moi limitadas.
Inscripcións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Domingo
13

Espectáculo *GHOP!, de Teatro ó Cubo*

Carballeira de Rodiño
12.00 horas
De balde - Aforo limitado
Espectáculo de circo para público familiar.

Sábado
19

Concerto de música tradicional 'Caldo'

Carballeira de Rodiño
20.30 horas
De balde - Aforo limitado
Concerto de trío de música tradicional dirixido a público adulto dentro do programa Cultura no Camiño.
Necesaria inscrición previa no Departamento de Cultura.
Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, AGADIC; Consellería de Cultura e Turismo e Xunta de Galicia.

Domingo
20

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas.
Prazas moi limitadas.
Inscripcións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

Domingo
20

Sarabela Teatro: *O secuestro da bibliotecaria*

Centro sociocultural Codeso
18.00 horas
De balde - Aforo limitado

Domingo
27

Visita xeolóxica

Pico Sacro
11.00 horas
Prezo: 10 €/persoa (menores de 12 anos, de balde)
Percorrido xeolóxico con distintas paradas.
Prazas moi limitadas.
Inscripcións no 675 820 520 ou en geoturgalicia@gmail.com.

e en outubro...

Domingo
4

Espectáculo *Os Bolechas e as portas do Camiño*

Casa da Cultura de Camporrapado
12.00 horas
De balde - Aforo limitado
Espectáculo dirixido a público familiar.
Necesaria inscrición previa no Departamento de Cultura.
Actividade promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com